

# Un gaditano faise co Premio de Poesía do Belén

O Xurado do XXI Certame de Arte “José Domínguez Guizán” outorgou por unanimidade o primeiro premio, dotado con 1.500 euros á obra “Paisaje urbano”, de Luís Valentín Fernández Vila, da Poboia de San Xiao.

A calidade dos traballos fixo que o xurado tamén emitise cinco mencións de honra, dotadas con estatuíñas de Sargadelos. Estas foron a parar a “Promesa epicromática insostible”, de Eduardo Baamonde; “Enseada da Gándara”, de Francisco Maceira Rodríguez, de Ferrol; “El tiempo se detiene, tempus fugit”, de Noa Persán; “Pinceles y pinturas sobre fondo azul verdoso”, de Sabela Arias; “Días de agua”, de Yago

Eireos, os tres de Lugo.

## Certame de debuxo infantil

Os cativos, Raquel Alonso Cora, Andrea García Lázaro, María López Escourido e Celia Chao Escourido; Laura Gay Golpe e Raúl López Alfonso acadaron o primeiro premio na categoría de menos de 10 anos do XXXV Certame de Debuxo Infantil sobre “O Nadal”, que organiza a Asociación José Domínguez Guizán.

Ademais destes pequenos, recibiron cadanseu trofeo e o cheque por valor de 60 euros os vencedores da categoría de 11 a 15 anos. Estes foron Mabel López Olivares, Carmen Picoaga Díaz, e


José Luís Freire Agrasas.

## Un gaditano gaña o de poesía

O sanluqueño Juan José Vélez Otero é o poeta que acadou o primeiro premio do XXXV Certame Nacional de

Poesía sobre o Nadal, convocado polo Centro Cultural José Domínguez Guizán, polo seu poema “Las ascuas del olvido”.

Xunto con Vélez, ocuparán un lugar dentro do palmarés do certame begontino o vilalbés Baldomero Iglesias Dobarrio,



O poeta andaluz Juan José Vélez “Mero”, que acadou un segundo premio, dotado con 300 euros e unha figura de Sargadelos, polo texto “Lembranza agradecida”. Pola súa banda, a lucense Noelia Martínez Rey obtivo unha Mención de Honra pola súa poesía “En Begonte, nace”.

## **Montserrat Lozano expón a súa obra no Museo José Rodríguez Varela**

A obra de Monserrat Lozano Río estará presente no Museo José Rodríguez Varela de Begonte. A exposición, titulada “Voluntariado e Ancianidade”, está organizada pola ONG Anciaños del Mundo e o Centro Cultural José Domínguez Guizán.

A mostra contén 30 fotografías desta artista lucense, coas que se pretende concienciar e sensibilizar á opinión pública xeral e a cada persoa en particular dos problemas dos maiores.

A exposición mostra diversas escenas da vida diaria do ancián dunha forma natural pero transmitindo tenrura cara ao mundo das persoas maiores.